

# FORMULARIO SOLICITUDE DE FONDOS DO BANCO DE IMAXES DA CDC

Referencia Nº (a cubrir pola FCCG)

## DATOS DA/O SOLICITANTE

NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Num.	Andar	Piso	Porta
CP	Concello	Provincia		Tel. Empresa		Móbil
Correo electrónico						

## DATOS DA/O REPRESENTANTE

NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Num.	Andar	Piso	Porta
CP	Concello	Provincia		Tel. Empresa		Móbil
Correo electrónico						

## DATOS DA SOLICITUDE

Cesión:	<input type="checkbox"/> Exclusiva	<input type="checkbox"/> Non exclusiva
Uso para o que se solicita a cesión:		
Período polo que se solicita a cesión		
Fondos solicitados:	<input type="checkbox"/> Material gráfico	<input type="checkbox"/> Material Audiovisual
Unidades		
Importe (ver cadro de tarifas)		
Finalidade para a que se solicita (catálogo, folleto publicitario, exposicións...):		

Os datos persoais recolleitos serán incorporados e tratados nun ficheiro titularidade da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, cuxa finalidade é xestións derivadas dos procedementos e consultas que inicia a/o interesada/o con esta solicitude, e poderán ser cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O órgano responsable do ficheiro é a Xerencia da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con domicilio en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar, Monte Gaiás,s/n, 15707 de Santiago de Compostela, ante o que a/o interesada/o poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento da Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

En ....., a ..... de ..... de 20.....

A DIRECTORA XERENTE DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Sinatura e selo

# CONDICIÓN S XERAIS

**Coa sinatura do presente formulario, a/o SOLICITANTE acepta expresamente as seguintes cláusulas;**

A Fundación resérvase todos os dereitos que non estean expresamente cedidos no presente documento.

A utilización das imaxes da Cidade da Cultura de Galicia está limitada exclusivamente para o uso consignado. Se a/o autorizada/o propuxese outra modalidade de utilización distinta á do obxecto desta solicitude, deberá obter previamente a aceptación por escrito da Fundación.

A/O Autorizada/o está obrigada/o a mencionar no traballo no que reproduza e utilice as imaxes da Cidade da Cultura de Galicia a súa pertenza ao fondo da Fundación, da forma que segue: Fondos pertencentes a Gaiás Cidade da Cultura de Galicia .

A/O Autorizada/o comprométese a poñer en coñecemento da Fundación calquera infracción dos seus dereitos que puidesen realizar terceiros.

Igualmente a/o Autorizada/o comprométese a facer mención na obra ou traballo que realice, sexa cal for o seu formato, á autorización que a Fundación da Cidade da Cultura de Galicia outorga para a reprodución e utilización dos dereitos obxecto da presente solicitude.

A/O Autorizada/o é cesionaria/o dos dereitos de imaxe, e deberá facilitar en canto sexa posible e por duplicado, unha copia do produto ou traballo no que se conteñan as imaxes obxecto de cesión restrinxida, calquera que sexa o seu formato.

A/O Autorizada/o non poderá ceder o dereito de uso ou explotación de imaxe a terceiras persoas sen consentimento expreso e por escrito da Fundación.

A/O Autorizada/o cesionaria/o responde ante a Fundación do exercicio pacífico dos dereitos que cede así como da orixinalidade e autoría do traballo que execute e no que reproduza as imaxes cedidas, manifestando que sobre os mesmos non ten contraídos nin contraerá compromisos ou gravames de ningún tipo que atenten contra os dereitos da Fundación ou a terceiros de acordo co estipulado neste documento. A este respecto a/o Autorizada/o cesionaria/o faise responsable fronte á Fundación de todas as cargas pecuniarias que puidesen derivarse para a Fundación a favor de terceiros con motivo de accións, reclamacións ou conflitos derivados do incumprimento deste documento por parte da persoa Autorizada.

O incumprimento de calquera destas condicións implicará a inmediata perda do dereito cedido, incluída a inmediata e total cesación no uso que se puidese efectuar das imaxes cedidas, así como a indemnización dos danos ou perdas económicas e/ou morais que se puidesen causar.

Para calquera cuestión derivada do presente documento ou relacionada directa ou indirectamente con el, todas as notificacións ou comunicacións que teñan lugar entre as partes outorgantes realizaranse nos enderezos sinalados no encabezamento, debendo comunicarse expresamente e por escrito calquera cambio que teña lugar sobre este particular.

Cadros de tarifas: a solicitude suporá a plena aceptación dos prezos establecidos, a expensas da pertinente autorización comunicada pola Fundación

TIPOLOXÍA	TARIFA	REDUCIDA
<b>MATERIAL GRÁFICO (fotografía)</b>		
Por cesión/unidade en exclusiva	20,00 €	GRATUITA
Por cesión/unidade non exclusiva	10,00 €	GRATUITA
Coworkers e Viveiro CdC, patróns e patroas e colaboradoras/es	GRATUITA	
<b>MATERIAL AUDIOVISUAL</b>		
Por cesión/unidade en exclusiva	20,00 €	GRATUITA
Por cesión/unidade non exclusiva	10,00 €	GRATUITA
Coworkers e Viveiro CdC, patróns e patroas e colaboradoras/es	GRATUITA	

En ....., a ..... de ..... de 20.....

Sinatura e selo